

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar coa a Asociación Nuestra Señora de Chamorro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro nas accións dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con diversidade intelectual.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

Que CHAMORRO é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito comarcal, constituída por persoas con discapacidade intelectual, os seus pais ou representantes legais e por todas aquelas persoas e entidades afíns ao colectivo de persoas con discapacidade intelectual, que ten entre os seus principais fins os seguintes:

a) Defender a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.



- b) Apoiar ás familias para conseguir mellorar a súa calidade de vida e déala os seus membros con discapacidade intelectual ou de desenvolvemento.
- c) Promover a integración escolar, formación, inserción laboral e social das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- d) Promover actitudes sociais positivas, cara ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, e fomentar unha imaxe digna e fiel desta.
- e) Promover o empoderamento e a autodeterminación das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- f) Promover a lexislación adecuada que mellore a situación deste colectivo.
- g) Aceptar, xestionar e exercer a tutela xurídica e efectiva de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- h) Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo na Federación con criterio de solidariedade.
- i) Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan alcanzar equilibrios na calidade e servizos. Velar o desenvolvemento e control de calidade e sistemas de calidade dos centros e servizos da Asociación.
- j) Promover a formación do voluntariado, para o cumprimento lícito dos seus fins.
- k) Calquera outra competencia que, de modo directo ou indirecto, poidan contribuír ao cumprimento da misión do movemento asociativo que redunde en beneficio das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias, en todo caso desenvolveranse en colaboración e a través dos socios membros da Asociación.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con diversidade intelectual, manifestando que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse



axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

José Luis Mira Lema

